

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE “IBERMUTUA”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO DURANTE A SITUACIÓN DE ALERTA SANITARIA PROVOCADA POLO CORONAVIRUS COVID-19.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2020.

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade coS Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: D. Javier Flórez Arias, na súa condición de Delegado Territorial en Galicia de “IBERMUTUA”, de conformidade coas facultades atribuídas no artigo 36 dos estatutos da mutua, aprobados por Resolución da Secretaría de Estado da Seguridade Social, do 13 de decembro de 2018 (modificados en Xunta Xeral Extraordinaria do 18 de xullo de 2019 e confirmada pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social o 21 de outubro de 2019), que actúa en nome e representación dela.

MANIFESTAN

PRIMEIRO. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO. Que o artigo 4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, determina que se garante a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia, con pleno respecto á súa personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 52 da mesma Lei 8/2008, refírese á atención a urxencias e emerxencias, establecendo que todo o Sistema Público de Saúde de Galicia prestará a atención continuada e das urxencias a través dos seus dispositivos asistenciais.

Así mesmo prevé que en situacións de emerxencia orixinadas por catástrofes ou accidentes en calquera lugar de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia facilitará, a

través dos seus dispositivos asistenciais, a asistencia sanitaria «in situ», o traslado de persoas afectadas e a asistencia nos centros máis apropiados.

A atención de urxencia prestarase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obrigue a unha atención sanitaria inmediata, e dispensarase tanto en centros sanitarios coma fóra dos mesmos, incluíndo o domicilio do paciente, durante as vinte e catro horas do día, mediante la atención médica e de enfermaría.

O mesmo precepto indica que ante situacións de crise, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema Público de Saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

TERCEIRO. Que IBERMUTUA, Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social (nº 274) é unha asociación mancomunada de empresarios que, debidamente autorizada polo Ministerio competente, e dotada de personalidade xurídica propia, limita a súa actuación a colaborar, sen ánimo de lucro e con suxeición ás normas de aplicación a este tipo de entidades, na xestión da Seguridade Social, todo isto sen prexuízo da realización daquelas prestacións, servizos ou actividades que, no futuro le sexan legalmente atribuídas.

CUARTO.- Por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ao abeiro do disposto no artigo cuarto, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria.

O artigo 6 do citado Real decreto, establece que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo das competencias de coordinación previstas na mesma disposición.

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia. O Acordo prevé que para o desenvolvemento do Plan poderán ditarse ordes e instrucións que afecten dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como adoptarse medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme o que se dispoña se así o aconsellan ás necesidades da emerxencia e dos bens que hai que protexer.

As persoas maiores e dependentes ingresados nos establecementos residenciais da nosa comunidade autónoma son un colectivo especialmente vulnerable, ao que debe prestarse a debida atención e asistencia, dispoñendo os medios necesarios para a cobertura das súas necesidades sanitarias e para evitar a propagación dos contaxios neste ámbito.

Por tal motivo, o Servizo Galego de Saúde vai a proceder a adoptar as medidas necesarias para evitar a propagación dos contaxios neste colectivo e para prestar a atención sanitaria necesaria no seu ámbito.

Para tal efecto, a autoridade sanitaria poderá dispoñer o traslado dos maiores e dependentes afectados a un centro residencial, que será xestionado e atendido por persoal sanitario debidamente cualificado, como medida para evitar a extensión do coronavirus no

eido residencial, e cubrir mellor as necesidades de atención sanitaria a aqueles maiores afectados.

CUARTO. Que ambas as dúas partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento de medidas e accións concretas para a atención e protección do colectivo de maiores e dependentes,

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Constitúe o obxecto deste convenio a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e IBERMUTUA, Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, para a posta a disposición por parte da segunda de persoal sanitario e medios para colaborar na atención sanitaria de maiores e dependentes no centro/s habilitados polo Servizo Galego de Saúde para tal efecto.

SEGUNDA. A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo mediante a cesión por parte de IBERMUTUA do persoal sanitario que se detalla no Anexo ao presente convenio.

TERCEIRA. A xestión e organización das actividades e servizos será realizado polo Servizo Galego de Saúde, que habilitará os espazos necesarios, disporá os medios para a atención aos maiores e dependentes afectados, e ditará as instrucións oportunas para a boa marcha do servizo.

CUARTA.- As actuacións a realizar non precisarán de dotacións orzamentarias específicas, polo que IBERMUTUA non percibirá contraprestación algunha polos servizos realizados polo persoal cedido.

Non obstante, no caso de continxencias sufridas polo persoal posto a disposición, no desenvolvemento das súas funcións profesionais ou no seu desprazamento ao lugar no que estas vaian a desenvolverse, o Servizo Galego de Saúde compensará economicamente os custos sociais que se deriven para o empregador.

QUINTA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes de IBERMUTUA

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SÉTIMA. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes de IBERMUTUA que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que os/as profesionais manterán inalterada a súa relación laboral coa mutua, non podendo invocar a existencia de relacións laborais nin directas nin subsidiarias co Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo do previsto na cláusula cuarta.

OITAVA. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

NOVENA. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día da sinatura, e manterase vixente en tanto dure o estado de alarma e as súas prórrogas, agás que as medidas sanitarias da poboación esixan unha duración maior, en cuxo caso deberá formalizarse a correspondente addenda/prórroga.

DÉCIMA. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.
- c) A finalización do estado de alarma ou das súas prórrogas

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POR IBERMUTUA

Asdo.: Jesús Vázquez Almuiña

Asdo.: Javier Flórez Arias